



Por Fabián Díaz, Brais Gómez, Pablo Oro e Jairo Ramos







Xa estamos outra vez coas nosas obras de arte. Nas dúas páxinas anteriores tedes dos estupendos cómics. O primeiro deles é o que gañou o Premio Provincial de debuxos da ON-CE. O segundo é outra marabilla desas que debuxa Fabián Díaz, de 1º Curso. E logo está esta páxina, chea de fantásticos debuxos. Enriba destas liñas temos o debuxo elixido polos alumnos de 2º Curso para representalos no concurso *Clases sen Fume*, que foi feito por Xulia Manín. A carón del vemos dous rótulos artísticos deses que lle gusta facer a Diego Lorenzo, tamén de 2º Curso; neste caso elixiu rotular dous nomes de lugares de Europa. A carón destas liñas, á dereita, vemos unha flor e unha bolboreta que nos debuxou Begoña Loreda, unha habitual da nosa sección de Arte. Por último, debaixo destas liñas temos tres debuxos moi románticos (frotas e golfito) que nos deixou o noso antigo compañeiro Peter Cobbinah. Porque a arte ten moitas facetas, moitas formas de manifestarse, pero sempre que nos chama, sempre que nos di algo, ten importancia. Seguíde facendo e mandádonos os vosos debuxos, que se non saen neste número de Xornalouro porque non queda sitio, sairán noutro número posterior.

